



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 04.10.2022**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 04.10.2022

**HORA DE COMEZO:** 12:10 h.

**HORA DE REMATE:** 13:15 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Pedrosa Silva, Ernesto

Michinel Álvarez, Miguel Ángel

Blanco Gómez, César

Castro Mouzo, Mercedes

Cendón Alonso, María Teresa

Ortiz Álvarez, Ana María

**DESCULPAN ASISTENCIA**

López Fernández, Yolanda

**SECRETARIO**

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O martes, día 4 de outubro de 2022, ás 12:10 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.04.2022).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da petición da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para financiar unha enquisa sobre a inserción laboral dos egresados nas titulacións de Grao e Mestrado universitario, da promoción 2019/2020.
4. Aprobación, se procede, da actualización do estudo promovido polo Consello Social para medir o impacto e o retorno económico e social da actividade da Universidade de Vigo no territorio, en conxunto e en cada un dos tres campus.
5. Aprobación, se procede, do apoio económico que se solicita para a elaboración do Plan de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na convocatoria "Ourense rural", promovida pola Universidade de Vigo para o curso 2022/2023 no campus de Ourense.
7. Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na promoción e difusión das VIII Xornadas de automatización industrial (JAI 2022), organizadas pola Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo.
8. Acordo que proceda sobre a petición de axuda remitida polo grupo de investigación HI19, da UVigo, para a organización da International Workshop "Advancing code-switching research", na Facultade de Filoloxía e Tradución.
9. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para levar a cabo as Xornadas "O entorno dixital e a cooperación entre administracións tributarias".
10. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a celebración do "I Ciclo de conferencias de métodos e técnicas de investigación cualitativa en Ciencias Sociais".
11. Acordo que proceda sobre a colaboración económica solicitada para a organización das "IX Xornadas sobre cuestións prácticas do proceso civil", previstas en Vigo.
12. Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada pola Delegación do alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial, para reunir en Vigo ao Congreso estatal da Asociación de representantes de alumnos de enxeñarías.
13. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración no patrocinio da undécima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.
14. Aprobación, se procede, das tarifas por actividades deportivas na Universidade de Vigo, exencións e descontos, para o curso 2022-2023.
15. Modificación dos prezos de matrícula do curso de formación universitaria "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral".
16. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes e dá conta da baixa de José María Franco como membro da Comisión, e da designación no próximo pleno da persoa que o substituirá.*

### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.04.2022).*

- ***Apróbase por asentimento.***



## **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Achégase información sobre o número e a contía das axudas concedidas polo Consello Social durante 2022 e ata esta sesión, e unha comparativa co exercicio 2021. Tamén se entrega un informe sobre o reparto de axendas de benvinda patrocinadas polo Consello Social e que foron entregadas aos estudantado no inicio do curso.

O secretario dá conta da recepción dunha solicitude de axuda para o X Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, que excede o número de edicións patrocinadas consonte establece o punto 7 das Normas básicas de axudas do Consello Social, polo que se convén na súa desestimación.

## **PUNTO 3**

*Aprobación, se procede, da petición da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para financiar unha enquisa sobre a inserción laboral dos egresados nas titulacións de Grao e Mestrado universitario, da promoción 2019/2020.*

Como se recolle na documentación, a petición da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria promóvese este estudo, para dar resposta aos requirimentos sobre inserción laboral demandados polo QS Graduate Employability Ranking 2023, unha das clasificacións universitarias internacionais de maior prestixio. Dispor desta información permitirá unha mellora do posicionamento da Universidade de Vigo. Encargado e concluído xa o estudo sobre os egresados en estudos de Grao e Mestrado da promoción 2018/2019, neste caso propónse analizar a promoción 2019/2020, e así mesmo será realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas.

- ***Apróbase unha aportación de 8.000 € para o estudo e outra de 1.300 € para diferentes informes específicos para o ranking.***

## **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, da actualización do estudo promovido polo Consello Social para medir o impacto e o retorno económico e social da actividade da Universidade de Vigo no territorio, en conxunto e en cada un dos tres campus.*

Lembra o presidente que en 2021, o Consello Social encargou a un equipo de investigación da Universidade de Vigo a elaboración dun estudo para coñecer o impacto económico e social que ten a actividade da universidade no seu territorio de influencia, concretamente nas economías onde ten os seus Campus, e no conxunto de Galicia. O estudo centrouse no ano 2019 (ano pre-pandemia) e os resultados foron presentados no Pleno do pasado mes de marzo. Agora tómase como obxectivo analizar os datos de 2021, para actualizar as conclusións, avaliar o impacto da pandemia e medir a evolución do impacto económico atribuíble á universidade, no seu conxunto e en cada un dos seus Campus.

- ***Apróbase unha aportación de 8.600 euros para facer o traballo, e 3.900 € + IVE para a difusión en distintos soportes físicos e dixitais.***

## **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, do apoio económico que se solicita para a elaboración do Plan de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.*

A Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade solicita apoio económico ao Consello Social para a elaboración do Plan de Responsabilidade universitaria da Universidade de Vigo (RSU), para desenvolver unha serie de iniciativas que permitan estreitar as relacións entre a universidade e a sociedade. As principais liñas de actuación, entre outras, atenden á integración dos valores da RSU no currículo docente, orientación da investigación cara ao marco dos problemas identificados na Axenda 2030 e os ODS; fomento da universidade inclusiva; fundraising e mecenado; redución do impacto



ambiental; mellora dos mecanismos de transparencia e rendición de contas; fomento da igualdade de xénero; fomento das relacións co entorno e as administracións locais.

- ***Apróbase unha aportación de 12.100 € (IVE incluído) no presente exercicio.***

#### **PUNTO 6**

*Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na convocatoria "Ourense rural", promovida pola Universidade de Vigo para o curso 2022/2023 no campus de Ourense.*

Esta iniciativa xurde en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Ourense e coa Deputación Provincial, destinada a convocar as "Bolsas de desprazamento Ourense rural", para asistir a estudantes universitarios que residan a máis de 5 quilómetros do campus ou teñan dificultades de conexión a través do transporte público. As axudas irán dende os 200 € (para quen resida nas distancias máis próximas) ata os 1.000 € (para quen viva a máis de 50 quilómetros). Os criterios para a concesión terán en conta a renda da unidade familiar, a distancia e a nota media do expediente dos solicitantes. María Teresa Cendón intervén para facer varias consideracións e pedir aclaracións ás que se lle dá resposta.

- ***Apróbase unha achega de 6.000 €.***

#### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na promoción e difusión das VIII Xornadas de automatización industrial (JAI 2022), organizadas pola Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo.*

Explica Ernesto Pedrosa que no marco das Xornadas sobre tecnoloxías e solucións para a automatización industrial (JAI 2022), que chegan á octava edición, daranse cita na Escola de Enxeñaría Industrial, durante cinco días, as solucións, tecnoloxías e tendencias máis modernas. Dirixidas a estudantes, persoal de investigación e profesionais, está confirmada a presenza de 70 firmas, entre multinacionais, institucións e centros tecnolóxicos de recoñecido prestixio. O programa inclúe relatorios, mesas redondas e 70 relatorios profesionais para presentar a vangarda do sector. Tamén prevé unha feira tecnolóxica e un showroom robótico cos robots máis novidosos do mercado.

- ***Apróbase asignar un máximo de 6.000 € para produción e difusión, previa autorización.***

#### **PUNTO 8**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda remitida polo grupo de investigación HI19, da UVigo, para a organización da International Workshop "Advancing code-switching research", na Facultade de Filoloxía e Tradución.*

Na Facultade de Filoloxía e Tradución organízase un congreso para afondar nas investigacións sobre a linguaxe, co obxectivo de explicala de maneira ecolóxica e para eliminar barreiras cognitivas e sociais vinculadas a situacións de conflito lingüístico. Intervirán expertos e profesionais de recoñecida traxectoria internacional, que propiciarán un intercambio de coñecemento e achega da importante investigación que se está a facer na Universidade de Vigo neste campo.

- ***Apróbase unha aportación de 2.500 €.***

#### **PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para levar a cabo as Xornadas "O entorno dixital e a cooperación entre administracións tributarias".*

Dende a área de Dereito financeiro e tributario da Universidade de Vigo organízanse estas xornadas para abordar os retos do sistema tributario ante os novos modelos de negocio vinculados á economía dixital, e os importantes efectos que terán na configuración do sistema en xeral e nos



procedementos de aplicación dos tributos e na propia organización e estrutura da Administración tributaria. Tamén tratarán sobre os dereitos e garantías dos contribuíntes no novo escenario. Contemplan facilidades para o acceso do alumnado.

- ***Apróbase unha axuda de 2.000 €.***

#### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a celebración do "I Ciclo de conferencias de métodos e técnicas de investigación cualitativa en Ciencias Sociais".*

No resumo da proposta feito polo presidente sinálase que o "I Ciclo de conferencias sobre métodos e técnicas de investigación cualitativa en Ciencias Sociais" ten como obxectivo que o alumnado aprendan como levar a cabo calquera investigación social, especialmente no ámbito do traballo e das relacións laborais. Entre os principais destinatarios están o estudantado de terceiro e cuarto cursos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, entre 70 e 80 persoas.

- ***Apróbase unha aportación de 800 €.***

#### **PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a colaboración económica solicitada para a organización das "IX Xornadas sobre cuestións prácticas do proceso civil", previstas en Vigo.*

Avala esta petición o presidente subliñando que dentro da función de transmitir coñecemento á sociedade, as "Xornadas sobre cuestións prácticas de Dereito procesual civil" tratan de buscar solucións prácticas a problemas que se expoñen nos xulgados e tribunais, referidas nesta edición á xustiza e á transformación dixital, á división xudicial da herdanza, á protección procesual dos consumidores ou á provisión xudicial de medidas de apoio a persoas con discapacidade. Intervenien destacados xuristas de ámbito nacional.

- ***Concédese unha contribución de 1.500 €.***

#### **PUNTO 12**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada pola Delegación do alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial, para reunir en Vigo ao Congreso estatal da Asociación de representantes de alumnos de enxeñarías.*

A Delegación do alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial organizará en Vigo o Congreso da Asociación estatal de representantes de alumnos, creada ao abeiro da transformación coa que o Plan Bolonia afectou á definición profesional de enxeñeiro técnico industrial. Xurdiu pois para defender os intereses e dereitos do estudantado, promover a súa presenza nos órganos de goberno, cooperar con outros colectivos académicos e profesionais e fomentar as relacións cos colexios oficiais. Prevese que estean representadas 25 universidades españolas. Tendo en conta o importe de referencia para axudas a iniciativas do estudantado, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha aportación de 2.000 €.***

#### **PUNTO 13**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración no patrocinio da undécima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.*

Pontevedra acollerá a finais de outubro a XI edición de EDUGAL, organizado pola Asociación da pequena e mediana empresa (AEMPE). Ernesto Pedrosa afirma que se recoñece como o maior salón e a maior oferta de educación e formación de Galicia, para asesorar ao alumnado sobre a oferta formativa, e que reúne a profesionais da docencia, centros de formación e institucións educativas, ademais de dar respostas a todas as persoas interesadas que precisen formación educativa, laboral ou profesional, facilitar a transición do instituto á universidade. Habrá stands, charlas, coloquios e áreas



deportivas ou tecnolóxicas. O presidente aclara que se mantén a mesma axuda de edicións anteriores, e que dado o seu declarado interese se aplica o punto 8 das Normas básicas de axudas do Consello Social.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

#### **PUNTO 14**

*Aprobación, se procede, das tarifas por actividades deportivas na Universidade de Vigo, exencións e descontos, para o curso 2022-2023.*

O documento que se presenta, remitido pola vicerreitora de Extensión Universitaria, e que define os tipos de persoas usuarias, recolle, na súa amplitude os abonos correspondentes segundo corresponda á Área de Benestar, Saúde ou Deporte e a duración; o custe das entradas individuais ou colectivas e dos distintos deportes; as escolas deportivas; actividades concretas; competicións e eventos; vantaxes da inscrición; exencións xerais e descontos. Os prezos non cambian respecto ao curso anterior.

- ***A Comisión aproba as prezos.***

#### **PUNTO 15**

*Modificación dos prezos de matrícula do curso de formación universitaria "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral".*

A petición da Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións sométese a aprobación esta proposta, que establece unha tarifa xeral de matrícula de 30 € para o Curso de formación universitaria "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral". O custe é inferior ao prezo mínimo aprobado con carácter xeral para o curso 2022/2023, e xustifícase por contar cunha subvención de 14.000 € concedida polo Consello Galego de Relacións Laborais, que garante os custes indirectos da Universidade de Vigo.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

#### **PUNTO 16**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 4 de outubro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias